# INFORME ANUAL de SEGUIMENTO

**Título:** Grao en Enfermaría

**Curso Académico:** 2012-13

## 1.- DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

| DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Enfermaría |
| Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC) | 1696/2009    2501105 |
| Rama de coñecemento | Ciencias da Saúde |
| Universidade solicitante | Universidade de Santiago de Compostela |
| Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto | Facultade de Enfermaría |
| Centro/s onde se imparte o título | Facultade de Enfermaría<br>Avda. Juan XXIII, s/n.<br>E.U Enfermaría de Lugo<br>Avda. Filarmónica Lucense |
| No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s | |
| Responsable do título | NÚÑEZ IGLESIAS, MARIA JESÚS |
| Correo electrónico do responsable do título | mjesus.nunez@usc.es |
| Curso de implantación do título | 2009/2010 |
| Data última acreditación | 22 de xuño de 2009 |

## 2.- INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DO TÍTULO

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,… |
|---|---|---|
| **Descrición do título** | Denominación<br>Rama de coñecemento<br>Universidade solicitante<br>Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título, ou no seu caso, departamento ou instituto<br>Centro/s onde se imparte o título<br>No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s<br>Tipo de ensinanza<br>Réxime de estudo<br>Periodicidade da oferta | http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacións.html?plan=13115&codEstudio=1271&valor=9<br><br>**LUGO**<br><br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=13305&codEstudio=12894&valor=9 |
| | Número de prazas de novo ingreso ofertadas | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/matricula/inicio1cl.html |
| | Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e período lectivo | **SANTIAGO E LUGO**<br><br>http://www.usc.es/sxa/normativa/ficheros/XA0822.PDF |
| | Normas de permanencia | http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=13116&codEstudio=12716&valor=9<br><br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/export/sites/default/es/normativa/descargas/sentenzas/Resolucixn_del_13_de_junio_de_2012x_por_la_que_se_acuerda_la_publicacixn_de_la_normativa_sobre_permanencia_en_las_titulaciones_de_grado_y_mxsterx_aprobada_en_el_Consejo_Social_del_5_de_junio_de_2012.pdf |
| | Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/perfis/egresados/index.html |
| | Responsable do título | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/goberno.html/ |
| | Coordinador do título<br>Data da autorización da implantación do título pola Xunta de Galicia | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan= |

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,… |
|---|---|---|
| | Data publicación BOE<br>Data última acreditación<br><br>Memoria vixente do título<br><br>Informe final de avaliación previo á verificación | 13115&estudio=13116&codEstudio=12716&valor=9/<br><br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Enfermaria_ANECA.pdf<br><br>**SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/enfermaria_stgo/descargas/01_Capitulo_1_MC01_SISTEMA_DE_GARANTxA_INTERNA_DE_CALIDAD.pdf<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/sgic.html |

| | | |
|---|---|---|
| **Xustificación** | Xustificación do título proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional<br><br>Referentes externos á Universidade<br><br>Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos<br><br>Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos da calidade<br><br>Política de calidade<br><br>Obxectivos de calidade<br><br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | MVT – aptdo. 2[1]<br><br>MVT – aptdo 2<br><br>MVT – aptdo 2<br><br>SGIC[2] - Capítulo MC-04 Proceso PE-02[3]<br><br>SGIC - Proceso PE-02<br><br>SGIC - Proceso PE-02<br><br>SGIC –PE-01(plan estratéxico), PE-02 e PE-01 (planificación plurianual política de calidade) |
| **Competencias Obxectivos** | Obxectivos do título<br><br>Competencias xerais que os/as estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título<br><br>Competencias específicas que os/as estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título<br><br>Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos<br><br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Enfermaria_ANECA.pdf<br>MVT – aptdo. 3<br><br>MVT – aptdo. 3<br><br>SGIC - Capítulo MC-04 Proceso PE-01. Capítulo MC-06 : Procedemento P01-PC-01. Capítulo MC-10: Proceso PM-02.<br><br>SGIC – Capítulo MC03, MC06, MC11 |

[1] MVT = Memoria de Verificación do título. Publicada en:
https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Enfermaria_ANECA.pdf

SGIC = Sistema de Garantía Interno de Calidade. Publicado en:
[3] http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_stgo/sgic.html
**LUGO**
http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/sgic.html

| | | |
|---|---|---|
| **Acceso e admisión de estudantes** | Demanda | **SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=13116&codEstudio=12716&valor=9<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=13305&codEstudio=12894&valor=9 |
| | Matrícula | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=matricula |
| | Información previa á matriculación sobre acceso e admisión (criterios de acceso e admisión) | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=admision<br><br>Na páxina oficial da USC, http://www.usc.es/ no epígrafe de "Perfís de Acceso" o usuario pode escoller segundo sexa estudante, futuro estudante, estudante internacional, estudantes egresados..., que no caso dos estudantes e dos futuros estudantes os redirixe á "Admisión e Matrícula"<br><br>MVT – aptdo. 4<br><br>http://www.usc.es/sxa/normativa/ficheros/XA0662.PDF |
| | Procedementos de acollida e orientación dos/as estudantes de novo ingreso | **SANTIAGO E LUGO**<br>Xornada de acollida aos novos estudantes de cada titulación.<br>http://www.usc.es/gl/servizos/ dentro do epígrafe "Centro de Orientación Integral ao Estudante (COIE)" e na "Oficina de Información Universitaria (OIU)<br>MVT – aptdo. 4.1., p. 34 |
| | Condicións ou probas de acceso especiais, se existen | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/Normativa_acceso.html |
| | Información sobre o apoio e orientación aos/ás estudantes | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/servizos/oiu<br><br>MVT – aptdo. 4 |
| | Información sobre a transferencia e recoñecemento de créditos | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=convalidaciones<br><br>MVT – aptdo. 4<br><br>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=normativa&submenu=areas&accion=buscar&noticias=no&areaactiva=40<br><br>http://www.usc.es/gl/centros/medodo/titulacions.html?plan=13982&estudio=13983&codEstudio=13584&valor=9#plan |

| | | |
|---|---|---|
| | Información sobre o curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe<br><br>Información sobre os complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo/a estudante, se fose o caso<br><br>Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes<br><br>Procedemento documentado para a orientación aos/ás estudantes<br><br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | **SANTIAGO E LUGO**<br>Non existe<br><br>**SANTIAGO E LUGO**<br><br>Non existe<br><br>**SANTIAGO E LUGO**<br><br>SGIC - MC-05, p. 67<br><br>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=matricula<br><br>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=admision<br><br>Na páxina oficial da USC, http://www.usc.es/ no epígrafe de "Perfís de Acceso" o usuario pode escoller segundo sexa estudante, futuro estudante, estudante internacional, estudantes egresados…, que no caso dos estudantes e dos futuros estudantes os redirixe á "Admisión e Matrícula"<br><br>**SANTIAGO E LUGO**<br>SGIC - MC-07 : PC-06<br><br>http://www.usc.es/sxa/normativa/ficheros/XA0662.PDF<br><br>http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/ |
| **Planificación das ensinanzas** | Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo<br><br>Distribución temporal<br>Horarios | MVT – aptdo. 5<br>**SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=13116&codEstudio=12716&valor=9<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=13305&codEstudio=12894&valor=9<br><br>MVT – aptdo. 5<br>**SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/horario_cursos.html<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/horario_cursos.html<br><br>SGIC - Capítulo MC-07 (p.75): PC-09 |

| | | |
|---|---|---|
| | Mecanismos de coordinación docente | **SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_stgo/sgic.html<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/sgic.html |
| | Infraestruturas | **SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/infraestruturas.html<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/infraestruturas.html |
| | Guías docentes/Programación docente | **SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/programa_materias.html<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/programa_materias.html |
| | Sistema de avaliación<br>Traballo fin de grao/máster (Comisión, convocatorias, etc.) | **SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=13116&codEstudio=12716&valor=9<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=13305&codEstudio=12894&valor=9 |
| | Procedemento documentado para a planificación e desenvolvemento da ensinanza | SGIC - Capítulo MC-07: PC-03<br>**SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_stgo/sgic.html<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/sgic.html |
| | Procedemento documentado para a revisión e mellora do título | SGIC - Capítulo MC-10: PM-02. |
| | Procedemento documentado da oferta formativa | SGIC - Capítulo MC-06: PC-01 |
| | Composición, funcións e responsabilidades da comisión académica do título | SGIC – Capítulo MC-03<br>**SANTIAGO**<br>http:/ http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_stgo/sgic.html<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/sgic.html |
| | Criterios de suspensión do título | PC-02 |
| | Desenvolvemento da ensinanza | PC-06 ata PC-10 |
| | Procedemento documentado para a suspensión do título | PC-02 |
| | Procedemento documentado para a xestión de incidencias, reclamacións e suxestións | PM-04 |

| | | |
|---|---|---|
| | Procedemento documentado para a expedición de títulos oficiais | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=titulos |
| | Perfil de ingreso recomendado | MVT – aptdo. 4 |
| | Perfil de egreso | MVT – aptdo. 1 (profesión), MVT – aptdo. 3, (obxectivos) |
| | Normativa académica do curso | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=normativa&noticias=no |
| | Baremo empregado no proceso de admisión | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/ no epígrafe "Admisión e Matrícula"<br>No caso de estudantes de novo ingreso en titulacións con límite de prazas a páxina onde se redirixe ao estudante (CIUG) contén a normativa sobre o baremo empregado. |
| | Calendario de pre-inscripción | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/ no epígrafe "Admisión e Matrícula"<br>No caso de estudantes de novo ingreso en titulacións con límite de prazas a páxina onde se redirixe ao estudante (CIUG) contén a información. |
| | Listados de admitidos/excluídos (provisional, definitivo) | **SANTIAGO E LUGO**<br>Enlace ao perfil de acceso estudantes<br>http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/ no epígrafe "Admisión e Matrícula"<br>No caso de estudantes de novo ingreso en titulacións con límite de prazas a páxina onde se redirixe ao estudante (CIUG) contén a información. |
| | Información sobre o seguro escolar | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/ no epígrafe de "Seguro Escolar" |
| | Información sobre o servizo de asesoramento e promoción do/a estudante | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/ no epígrafe de "Asesoramento Xurídico" e no enlace á Oficina de Información Universitaria www.usc.es/oiu<br><br>**SANTIAGO E LUGO** |

| | | |
|---|---|---|
| | Información sobre o servizo de apoio ao emprego | http://www.usc.es/gl/perfis/egresados/index.html no epígrafe de "Emprego e Autoemprendemento" |
| | Información sobre cursos a estudantes | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es no epígrafe de "Cursos e Congresos" |
| | Información sobre actividades culturais, deportivas e de voluntariado | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es no epígrafe de ""Actividades Culturais", "Actividades deportivas" e "Actividades de Participación Social e Voluntariado"<br>A información sobre voluntariado pódese ver en:<br>http://www.usc.es/es/servizos/sepiu/volunt.html |
| | Información sobre a mobilidade | **SANTIAGO E LUGO**<br>No perfil de acceso Estudantes<br>http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/index.html no epígrafe de "Programas de Mobilidade"<br>No perfil de acceso Estudantes Egresados<br>http://www.usc.es/gl/perfis/egresados/index.html no epígrafe de "Mobilidade nacional e internacional<br>No perfil de acceso de Estudantes internacionais<br>http://www.usc.es/gl/perfis/internacionais/index.html dentro do epígrafe "Portal internacional da USC" |
| | Información sobre as prácticas externas, se as houbese | **SANTIAGO**<br>http: http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_stgo/sgic.html<br>PC-08<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=13116&codEstudio=12716&valor=9<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/sgic.html<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=13305&codEstudio=12894&valor=9<br>**SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/goberno/csocial/ nos epígrafes de "Prácticas en empresas" e "Europrácticum titulados". |
| | Información sobre o plan de acción titorial | **SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=13116&codEstudio=12716&valor=9<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=13305&codEstudio=12894&valor=9 |
| | Normativa académica | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/normativa/<br>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=normativa&noticias=no |

| | | |
|---|---|---|
| | Procedemento documentado dos perfís de ingreso/egreso e captación de estudantes<br><br>Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes<br><br>Procedemento documentado de orientación aos/ás estudantes<br><br>Procedemento documentado de mobilidade dos/as estudantes<br><br>Procedemento documentado de prácticas externas, se as houbese<br><br>Procedemento documentado de orientación profesional<br><br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | **SANTIAGO E LUGO**<br>SGIC - Capítulo MC-05: PC-04<br><br>**SANTIAGO E LUGO**<br>SGIC - Capítulo MC-05: PC-04<br><br>**SANTIAGO E LUGO**<br>SGIC - Capítulo MC-07: PC-06<br>**SANTIAGO E LUGO**<br>SGIC - Capítulo MC-07: PC-07<br>**SANTIAGO E LUGO**<br>SGIC - Capítulo MC-07: PC-08<br>**SANTIAGO E LUGO**<br>SGIC - Capítulo MC-07: PC-06<br>**SANTIAGO E LUGO**<br>https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Enfermaria_ANECA.pdf |
| **Recursos humanos** | Descrición do profesorado<br><br>Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos<br><br>Procedemento documentado da política do PDI e PAS<br><br>Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación, selección, formación, avaliación)<br><br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | **SANTIAGO E LUGO**<br>https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Enfermaria_ANECA.pdf<br>**SANTIAGO E LUGO**<br>https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Enfermaria_ANECA.pdf<br><br>MVT-6<br><br>**SANTIAGO E LUGO**<br>SGIC - Capítulo MC-08: PS-01<br>https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Enfermaria_ANECA.pdf<br><br>**SANTIAGO E LUGO**<br>MVT-9 |
| **Recursos materiais e servizos** | Aulas e seminarios<br>Espazo do persoal académico<br>Laboratorios<br>Salas de informática<br>Salas de estudo<br>Outros espazos para os/as estudantes<br>Biblioteca<br>Servizos dispoñibles<br>Espazos para os/as representantes de estudantes<br>Outros equipamentos | **SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/infraestruturas.html<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/infraestruturas.html |

| | | |
|---|---|---|
| | Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais | **SANTIAGO E LUGO**<br>SGIC - Capítulo MC-09: PS-02<br>MVT – aptdo. 7 |
| | Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos | **SANTIAGO E LUGO**<br>SGIC - Capítulo MC-09: PS-03<br>MVT – aptdo. 7 |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | **SANTIAGO E LUGO**<br>https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Enfermaria_ANECA.pdf |
| **Resultados previstos** | Taxa de rendemento | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html |
| | Taxa de abandono | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html |
| | Taxa de eficiencia | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html |
| | Taxa de graduación | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html |
| | Outras taxas que o título fai públicas (SGIC) | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html |
| | Taxas de inserción laboral | **SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.acsug.es baixo o epígrafe "Documentos-Inserción Laboral" ou http://www.acsug.es/webs/inser.php |
| | Procedemento documentado para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos/as estudantes | SGIC. Capítulo MC-10: PM-01 |
| | Procedemento documentado de satisfacción, expectativas e necesidades | SGIC. Capítulo MC-10: PM-01, PM-02 e PM-03 |
| | Procedemento documentado para a avaliación do aprendizaxe | SGIC. Capítulo MC-07: PC-10<br>MVT – aptdo. 8, p.158 |
| | Procedemento documentado para o control de resultados académicos | SGIC. Capítulo MC-10: PM-01<br>MVT – aptdo. 8 |
| | Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos | SGIC - Capítulo MC-10: PM-02 |
| | Procedemento documentado de información pública | |

| | | |
|---|---|---|
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | SGIC – Capítulo MC-11: PC-11<br>SANTIAGO<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.html<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/sgic.html |
| **Sistema de garantía da calidade** | Órgano responsable do sistema de garantía da calidade do título<br><br>De ser o caso, planificación estratéxica<br><br>Procedementos documentados de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado<br><br>Procedementos documentados para garantir a calidade das prácticas externas e os programas de mobilidade<br><br>Procedementos documentados de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida<br><br>Procedemento documentado para o análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.)<br><br>Procedemento documentado para o análise e atención ás suxestións ou reclamacións<br>Procedemento documentado de suspensión/extinción do título<br><br>Manual do SGIC<br><br>Informe final de certificación do SGIC | SGIC- Capítulo MC-03<br>MVT- 9<br><br>SGIC. Capítulo MC-04: PE-01<br><br>SGIC – Capítulo MC-10: PM-02 e Capítulo MC-08: P01-PS01<br><br>SGIC - Capítulo MC-07: PC-07 e PC-08<br><br>SGIC - Capítulo MC-10: PM-01 e PM-03<br><br>SGIC - Capítulo MC-10: PM-03 e P01-PM-03<br><br>SGIC - Capítulo MC-10: PM-04<br><br>SGIC - Capítulo MC-06: PC-02<br><br>**SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.html<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/sgic.html<br><br>**SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/Informe_sobre_a_revisixn_do_SGIC_marco_e_dos_centros_da_USC.pdf |

| | | |
|---|---|---|
| | Listado de documentos en vigor do SGIC<br><br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | SGIC. Capítulo MC-01:-PS-04<br>**SANTIAGO E LUGO**<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/enfermaria_stgo/descargas/03_Capitulo_3_MC03_ESTRUCTURA_DEL_CENTRO_PARA_EL_DESARROLLO_DEL_SGIC.pdf |
| **Calendario de implantación** | Cronograma de implantación do título<br>Información sobre a adaptación, no seu caso, dos/as estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos<br>Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto | **SANTIAGO**<br>http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=13116&codEstudio=12716&valor=9<br>**LUGO**<br>http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=13305&codEstudio=12894&valor=9<br><br>MVT – aptdo. 10 |

## 3.- VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO E OS RESULTADOS OBTIDOS, DETECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS, DESVIACIÓNS E TOMA DE DECISIÓNS.

| **Descrición do título** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **<u>B</u>** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Dende a posta en marcha do título, un dos centros responsables das ensinanzas cambiou a consideración de Escola a Facultade. Isto non foi un simple cambio de denominación senón que implicou unha revisión das necesidades humanas e materiais e das titulacións que se imparten no centro (Grao, Másters, Programas de Doutoramento).

Na Facultade de Enfermaría do Campus de Santiago mantívose o número de alumnado de novo acceso proposto na memoria do título. Para elo tivo que manterse un debate interno sobre o desenvolvemento de novas estratexias de ensino-aprendizaxe que permitisen ao alumnado acadar as competencias establecidas na memoria do título, pois os cambios socioeconómicos producidos nos dous últimos anos aconsellarían reducir o número de alumnado de novo ingreso.

O novo regulamento de permanencia ao que xa fixemos referencia na memoria anterior continúa a ser controvertido entre o alumnado, concretamente no que atinxe ao valor académico do "*non presentado"*.
A nosa experiencia no último ano, polas consultas realizadas no centro, indícanos que o alumnado, especialmente o alumnado que compatibiliza os seus estudos coa actividade laboral, programa de xeito más meditado o número de materias nas que se matricula e melloran a taxa de éxito do alumnado.

No relativo a alumnado matriculado a tempo parcial, do mesmo xeito que no curso precedente a demanda non supera a oferta deste tipo de prazas (2 alumnos en cada un dos centros).
No que atinxe as necesidades educativas especiais no centro de Santiago estuda un alumno deportista de alto rendemento (fronte aos dous por centro do curso anterior). Mantendo o procedemento de cursos anteriores, inclúese o nomeamento dun profesor titor encargado de coordinar co restante profesorado para que se adapten os horarios de docencia, exames, titorías, etc para compatibilizar a súa actividade deportiva. Do mesmo xeito que en cursos precedentes a experiencia de ambos os dous centros é moi positiva e estase a desenvolver sen incidencias.

Consideramos que de xeito global o resultado é positivo.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| **Xustificación** |
|---|

| *Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **<u>A</u>** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

**Interese actual do titulo:**

Tendo en conta que este apartado foi avaliado co resultado de conforme no informe do curso académico anterior, ambos centros continuarán a realizar análises periódicas (carácter anual) da adecuación da xustificación do título realizada no ano 2008 á realidade social e sanitaria actual. Para isto tómanse como referencia as aportacións de persoal e cargos directivos de entidades sanitarias públicas e privadas, sociedades científicas de enfermaría e planos de estudo de realización posterior ao Grao de Enfermaría da USC. Así mesmo, establecéronse grupos de traballo coordinados polos coordinadores de curso co profesorado e representantes de alumnado de 1º a 4º curso de Grao de Enfermaría, coa finalidade de recoller as incidencias, suxestións, etc para garantir a calidade da formación en relación coa xustificación do título.

Sigue en vigor o interese da titulación, baseándonos:

.- na valoración no estranxeiro do noso alumnado egresado.-

-continua a demanda de alumnado de novo ingreso

**Contacto con organismo cos que se mantiveron consultas externas:**

Ao longo deste período realizáronse diferentes procedementos de consulta interna e externa. Entre os primeiros inclúense foros de debate alumnado-profesorado para avaliar o interese académico, científico e profesional do título. Dentro dos procedementos externos incluíuse o debate dentro das Subcomisión e Comisión Mixta Universidade-SERGAS que elaboraron medidas para implementar os novos procedementos e protocolos que xorden dentro da práctica profesional para que deste xeito o alumnado poda responder ás necesidades sanitarias e sociais actuais. Como resultado destes debates, incorporáronse talleres impartidos por profesionais do dispositivo asistencial público galego relacionados con prevencións de efectos adversos, seguridade do paciente, violencia contra o profesional sanitario, violencia de xénero, etc. Así mesmo se fixeron colaboracións con ONGs e Asociacións Científico-Profesionais de Enfermaría coa intención de actualizar os contidos do título ás demandas sociais.

Así mesmo, asociacións como ASPANAES consideran que o titulo é de interese e froito disto estase a facer unha colaboración para implementar formación/asistencia a persoas con alteración do espectro autista.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Posta en marcha de grupos de traballo/foros de debate con alumnado, profesorado e membros directivos de Sociedades Científicas e do sistema sanitario galego.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| | |
|---|---|
| | |
| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
| | |

| Competencias / Obxectivos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **<u>B</u>** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Consideramos que se **acadaron os obxectivos/competencias da titulación**; tanto no que atinxe ás competencias xerais como ás específicas e transversais. Cabe reseñar que foron varias as dificultades existentes para a citada consecución: falta de profesorado, necesidade de planificar, a través de distintas comisións e organismos, prácticas tuteladas fóra da área sanitaria de Santiago e dos núcleos urbanos onde se atopa a sede dos respectivos centros. Este foi un proceso especialmente complexo no que se tivo que conciliar a capacidade docente dos dispositivos asistenciais e os intereses das outras universidades do sistema universitario galego. Este foi un proceso para o que se necesitaron dous anos.
Ademais para que o alumnado acadara as competencias esperadas houbo que nomear a un elevado número de colaboradores e colaboradoras docentes de fora Área Sanitaria o que obrigou a multiplicar as tarefas de coordinación Universidade-SERGAS.
Ao longo deste proceso mantivéronse diversas reunións durante o ano para intentar coñecer o grao de adecuación das competencias previstas coas posibilidades ofertadas polas distintas unidades do dispositivo público asistencial. As reunións, ás que acudiron as profesoras e profesores asociados e colaboradores docentes, serviron para mellorar o grao de coñecemento das funcións desenvolvidas nos distintos postos de traballo no que se integra o alumnado en prácticas. O grao de satisfacción, tanto do profesorado colaborador como dos asociados e asociadas e do propio alumnado foi crecendo a medida que avanzaba o proceso a medida que se ían introducindo as medidas correctoras oportunas.

Para o coñecemento do grao de consecución dos obxectivos do título, o centro utiliza as enquisas ao alumnado que realiza a USC. No relativo a este punto, quedaron aínda excluídas as materias de prácticas tuteladas para as que o centro considera que ditas enquisas serían de grande utilidade para coñecer o grao de satisfacción coa finalidade de implementar medidas de mellora. No se implantarán ata o curso 2013-4.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Para coñecer o grao de consecución dos obxectivos nas materias de *prácticas tuteladas* rematouse o deseño de enquisas de alumnado e de colaboradores docentes nos centros asistenciais. Por outra banda, rematouse a elaboración da Guía do Colaborador Docente de Prácticas Tuteladas pendente da súa posta en marcha para o curso académico 2013-2014.

Na Comisión de Prácticas Clínicas da Facultade de Enfermaría, incorporouse o Director de Procesos de Enfermería da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela para que as prácticas no dispositivo asistencial se adecúen máis ao logro das competencias e obxectivos do plano de estudos.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Posta en marcha do sistema de enquisas de opinión ao alumnado relativas ás materias *Prácticas Tuteladas I, Prácticas Tuteladas II, Prácticas Tuteladas III, Prácticas Tuteladas IV, Prácticas Tuteladas V e Prácticas Tuteladas VI.*
- Entrada en vigor da Guía do Titor de Prácticas Tuteladas.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| - Inicio do proceso de avaliación da adecuación do ensino nas materias de *Prácticas Tuteladas mediante as* enquisa dirixidas a coñecer se se acadan as competencias e, de ser o caso, as dificultades para conseguilas.<br>- Presentación oficial e entrada en vigor da Guía do Colaborador Docente de Prácticas Tuteladas. | A xustificación está baseada no exposto na reflexión. |

| Acceso e admisión de estudantes | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) /Conclusións:**

- ✓ Coherencia entre o perfil de ingreso recollido na memoria e o perfil real do estudantado matriculado. Existe coherencia, o alumnado reúne o perfil esperado e incluso o supera tendo en conta a media de acceso e a procedencia do alumnado. Sigue sendo patente el carácter vocacional del alumnado.
- ✓ Os complementos de formación cobren as nosas expectativas (sirvan como exemplo curso e competencias informacionais, curso de elaboración do TFG, coherencias con profesorado invitado (Epixenética, técnicas de imaxen, conferencias de seguridade do paciente, etc).
- ✓ O curso ponte realizouse moi satisfactoriamente (cubríndose as 20 prazas ofertadas por ano). Na actualidade non se oferta, a expensas de manter o número de alumnado de novo ingreso.
- ✓ Mecanismos de captación e acollida de estudantes:

  - o Sistemas accesibles de información previa á matricula e procedementos accesibles de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á Universidade e ás ensinanzas;.Sistemas accesibles de apoio e orientación do estudantado unha vez matriculados. A información dispoñible na web da Universidade de Santiago era mellorable, por este motivo a USC, a través da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade e servizos dependentes da Xerencia da Universidade dou os pasos necesarios para que a información correspondente á páxina oficial, que é administrada dende os servizos centrais, incorporase as necesidades do seguimento anual dos títulos. Con relación a condicións ou probas de acceso especiais, en ambos os dous centros se cubriu a oferta de prazas a través de acceso de maiores de 40 anos por experiencia profesional. Esta vía de acceso representa unha oportunidade para aquelas persoas que levan anos coa aspiración de realizar estes estudos e que, por diversos motivos, non puideran acceder á Universidade. Polo seu currículo detéctase que a maioría deles traballan no sector sanitario (público ou privado) ou teñen realizado cursos de formación en ciencias da saúde, idiomas, etc. O cal indica unha traxectoria de interese pola formación sanitaria.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Sistema de acollida específico do Centro no que participa o equipo decanal/dirección e membros das Comisións Cultural, de Normalización Lingüística e alumnos/as titores. Neste curso, informouse previamente do horario e contido da sesión de acollida, aos alumnos de novo ingreso e ao profesorado mediante comunicación na páxina web da USC e correo-e ao profesorado.

Sistema de apoio e orientación propio do Centro: o equipo decanal/dirección realiza charlas (1-2 por curso académico) e a Decana (centro de Santiago) e Directora (centro de Lugo) do centro dispoñen de horario de

| |
|---|
| titorías ao efecto. |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:**<br>. |

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| Planificación das ensinanzas | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **<u>A</u>** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Recollemos as súas recomendacións ao informe anual do curso 2011-2012 de aportar reflexións sobre os aspectos que se indican:

-**Distribución temporal/horarios/tamaño de grupos das asignaturas/materias**.
a) Distribución temporal.
A experiencia nos indica que, con carácter xeral, é axeitada, excepto no caso da materia *Bases para os Coidados da Saúde* (2º semestre) que debería comezar simultaneamente coa materia *Fundamentos de Enfermaría* por ser dúas materias complementarias do primeiro curso.

b) Horarios e tamaño de grupos.
Recollendo as suxestións do alumnado da diplomatura de enfermería, a elaboración dos horarios de Grao estrutúrase de xeito que permiten compatibilizar a actividade académica coa práctica tutelada. Así mesmo, a programación dos horarios da docencia interactiva e a elaboración dos grupos de dita docencia, fíxose intentando evitar as incompatibilidades entre materias de cursos distintos no caso de alumnos con materias pendentes ou de intercambio..
O número de estudantes por grupo adáptase á normativa implantada pola USC ao Espazo Europeo. O número de alumnos nos seminarios consideramos que é excesivamente elevado, o que esixe un esforzo por parte do alumnado e do profesorado. Non obstante, o tamaño dos grupos faise atendendo a criterios pedagóxicos, o que obriga en certas ocasións á creación de grupos adicionais creados polo centro previa autorización das autoridades académicas, sen que en ningún caso isto supoña incrementar o número de profesores

**Aplicación das metodoloxías de ensinanza/metodoloxías de avaliación**
Para mellorar a ensinanza e garantir calidade na docencia, houbo un ciclo de reunións e debates para unificar criterios na aplicación das metodoloxías de ensinanza e avaliación. Como resultado de ditas reunións, na docencia interactiva utilízanse de xeito practicamente xeneralizado a presentación e discusión de casos,simulación, actuación etc, o que permite a ensinanza avaliación por ECOES (Exame Clínico Obxectivo Estruturado). A aplicación desta metodoloxía supuxo para o profesorado un reto que ata agora permite obter resultados altamente satisfactorios segundo se recolle da opinión maioritaria do alumnado. No que atinxe á metodoloxía da ensinanza e avaliación nas Prácticas Tuteladas, o ensaio piloto da Guía do Colaborador Docente de Prácticas Tuteladas permitiu o ensino/avaliación por niveis de competencias e supuxo a base para a futura implantación da Guía definitiva.

-**Coordinación**. En base á reflexión feita no punto anterior, consideramos que a coordinación entre materias e cursos é satisfactoria en ambos centros. Esta consideración está baseada nas conclusións acadadas nas diferentes comisións de coordinadores de curso, Comisión Académica, etc. O resultado do traballo das diferentes comisións de coordinación de materia, curso e Grao tivo como consecuencia que se evitaran os solapamentos de contidos de materias, a eficacia na adquisición de material para a docencia interactiva de laboratorio, etc.

**-Traballo Fin de Grao: problemáticas detectadas.**
Deseguido refírense as máis relevantes:
Escasa experiencia na maioría do profesorado na dirección de traballos desta índole.
Escasa capacitación do alumnado para a realización de traballos titorizados.
Gran dedicación de tempo de traballo do titor escasamente recoñecido no POD (Plan de Organización Docente).
Gran consumo de recursos de xestión (humanos, materiais e temporais): elaboración de tribunais, proposta de liñas temáticas, elaboración de horarios, elaboración de actas, publicación de convocatorias, etc.

**- Coordinación intercentros/interuniversidades.**

Faise un gran esforzo en coordinar a actividade de planificación da docencia na que se comparten recursos do Sergas entre os dous centros que imparten a titulación na USC. Este aspecto é especialmente relevante no caso das Prácticas Tuteladas V e VI dado o límite de oferta de prazas tanto no Hospital Clínico Universitario Lucus Augusti (Lugo) como no Hospital da Costa de Burela.
A coordinación interuniversitaria foi necesaria nesas mesmas materias a través, da Comisión Interuniversitaria, para evitar a colisión con outras Escolas e Facultades da Comunidade Autónoma Galega. Isto permitiu a formación en Hospitais e centros de saúde de fora da Área de Santiago de Compostela. Este último aspecto foi moi ben acollido polo alumnado que viu ampliada a súa oferta formativa. A planificación supuxo a tramitación e visto e prace a través da Comisión de Prácticas da Facultade de Enfermaría (Campus de Santiago), Comisión e Subcomisión de Planificación USC-SERGAS e o Consello para a Coordinación da Docencia Clínica.
A coordinación coa Subdirección Xeral de I+D+i do Sergas foi necesaria para garantir a calidade da docencia de ditas prácticas. Coordinación que foi extensiva á Dirección de Procesos de Enfermería da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela cuxo froito foi a Guía do Colaborador Docente de Prácticas Tuteladas, onde se recollen os criterios de avaliación de competencias xerais e específicas para as *Prácticas Tuteladas I, II, III, IV, V, VI.*
Como consecuencia do recollido anteriormente*,* no curso 2012-2013, planificouse a ensinanza en: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS); especificamente nas *Prácticas Tuteladas V* e *Prácticas Tuteladas VI* (ambas de 4º Curso). Ofértanse prazas no CHUS, Hospital Clínico Universitario Lucus Augusti (Lugo), Hospital do Barbanza, Hospital da Costa (Burela), Hospital Virxe da Xunqueira (Cee) e nas unidades de Atención Primaria vencelladas ás áreas sanitarias dos citados Hospitais.

-**Participación de estudantes en programas de mobilidade**.

Durante o último ano incrementouse o número de estudantes de intercambio en ambos centros, tanto de alumnado propio como alleo. Segue sendo difícil establecer convenios de intercambio con países de fala inglesa para a titulación de Grao en Enfermaría. Pese a esta dificultade volveuse incrementar a oferta de centros alleos nacionais e estranxeiros en ambos centros.

Séguese no obxectivo xa expresado no informe anterior da adecuación das accións de mobilidade previstas aos obxectivos da titulación mediante os programas de mobilidade SICUE, ERASMUS e BILATERAIS (para acadar os obxectivos e competencias xerais, os transversais e os específicos das diferentes materias).

**BOAS PRÁCTICAS:**

